

## TRABALLO E EXPOSICIÓN ORAL GRUPAL

### *DOCE MESES, DOCE NOMES: CALENDARIO DE MULLERES 2026*

#### · Traballo en grupo:

- 2.º ESO B: 4 grupos de 5 persoas (3 meses por grupo).
- 2.º ESO D: 4 grupos de 4 persoas e un de 5 (2 meses por grupo).

· Confección dun calendario biográfico, a xeito de homenaxe, en que cada mes estea dedicado a unha muller que co seu legado axudase a crear a sociedade que somos hoxe. Debe ser unha muller que, dende calquera ámbito social, contribuíse ao desenvolvemento do pobo e da cultura galega, así como a integralos dentro dun mundo global

#### · Proceso de investigación:

- Cada grupo encargarse de pescudar as figuras destacadas. Podedes utilizar este recurso: <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/coleccion.php?etiqueta=6437>.
- Anotade varias mulleres que pertencen a diferentes actividades, ámbitos do saber, profesións... e de distintas épocas.

#### · A escolla:

- Votade polas candidatas que máis vos gusten ou bótadeo a sortes.
- Deixade algunha persoa de suplente, por se vos cumpre.
- Poñédevos de acordo cos outros grupos (asegurádevos que non se repita a mesma persoa no calendario e elixide meses diferentes cada grupo).

#### · A creación:

- Documentádevos en fontes fiables. Ademais do enlace que tendes máis arriba, podedes recorrer á Real Academia Galega, ás páxinas das universidades, a medios de comunicación serios ou a publicacións divulgativas ou especializadas.
- Buscade e descargade un retrato ou fotografía de cada persoa, ou debuxádeas.
- Elaborade as biografías correspondentes, redactádeas seguindo unha orde cronolóxica.
- Confeccionade as láminas do calendario, un bo tamaño é unha cartolina A3, pero pode ser unha cartolina grande (lembrade que tendes que deixar espazo para o calendario en si mesmo).
- Xuntade as doce láminas e create unha portada para o calendario cun título orixinal.

#### · A exposición:

- Repartide a información equitativamente entre os membros do grupo e expoñédeas na clase.
- Cada persoa deberá intervir arredor de 1 minuto.

Este traballo valerá 0,8 puntos dos 1,5 designados a tarefas escritas e 0,5 puntos dos designados á oralidade.

A copia literal ou plaxio (tanto de textos sacados de Internet ou doutras fontes como de IA) suporá a cualificación da tarefa cun cero.